

INFORME

ASUNTO: Informe de valoración do sobre nº 3 do concurso para a contratación, mediante procedemento aberto, do subministro, instalación e mantemento no período de garantía, dun sistema de xestión, control e cobro no aparcadoiro e dársena de Xoán XXIII e no aparcadoiro de Belvís.

O presente informe redáctase a solicitude da Mesa de Contratación, reunida o 9 de marzo de 2018, ao obxecto de valorar a documentación do sobre nº 3 “proposición relativa aos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes”, presentada polos seguintes licitadores:

- BYMAR-PARK, SL
- EQUINSA PARKING, SLU
- HORUS HARDWARE, SA
- PARKARE GROUP, SL

De acordo coa cláusula 13.4 do prego de condicións, neste sobre incluírase a documentación acreditativa dos criterios de adxudicación 1 “proposta económica” e 3 “melloras”, recollidos nas cláusulas 10.1 e 10.3 do prego.

PROPOSICIÓN ECONÓMICA

O artigo 10.1 do prego establece que *“asignarase a maior puntuación (65 puntos) á oferta que presente a maior redución deste importe. O resto das ofertas valoraranse de maneira proporcional”*, presentando as empresas a seguinte oferta económica e obtendo a seguinte puntuación:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN
BYMAR PARK, SL	140.274,47	59,48
EQUINSA PARKING, SLU	135.200,00	65,00
HORUS HARDWARE, SA	160.705,73	37,28
PARKARE GROUP, SL	162.405,92	35,43

MELLORAS

O artigo 10.3 do prego de condicións establece que as melloras a valorar son as seguintes:

- Incremento do tempo de garantía e mantemento asociado: 8 puntos.
- Devolución no caixeiro de moedas de 0,01 €: 1 punto.
- Redución do tempo de entrega do subministro: ata 2 puntos.
- Redución do tempo de resolución de incidencias no aparcadoiro: ata 3 puntos.
- Redución do tempo de funcionamento manual do aparcadoiro durante a instalación: ata 1 punto.

Incremento do tempo de garantía e mantemento asociado (ata 8 puntos)

A cláusula 10.3.A) do prego de condicións establece: *“asignaráselle a máxima puntuación ás ofertas que presenten o maior tempo de garantía por encima do establecido no prego. O resto valorarase de forma proporcional”*.

O artigo 31 establece un prazo de garantía de dous anos polo que se valorará o incremento de dito prazo.

Neste apartado as ofertas presentadas e a puntuación das mesmas é:

EMPRESA	Incremento do tempo de garantía	PUNTUACIÓN
BYMAR PARK, SL	1 ano de incremento	8,00
EQUINSA PARKING, SLU	Non presenta incremento	0,00
HORUS HARDWARE, SA	Non presenta incremento	0,00
PARKARE GROUP, SL	1 ano de incremento	8,00

Devolución no caixeiro de moedas de 0,01 € (1 punto)

A cláusula 10.3.B) do prego establece: *“valoraranse con 1 punto aquelas ofertas que presenten un hopper de 0,01 nos tres caixeiros do aparcadoiro e permitan tarifas de 0,01 € e con 0 puntos a aquelas ofertas que non presenten dita posibilidade”*.

Todas as empresas presentan esa posibilidade polo que todas obteñen un punto.

EMPRESA	Devolución moedas de 0,01 €	PUNTUACIÓN
BYMAR PARK, SL	Si	1,00
EQUINSA PARKING, SLU	Si	1,00
HORUS HARDWARE, SA	Si	1,00
PARKARE GROUP, SL	Si	1,00

Redución do tempo de entrega do subministro (ata 2 puntos)

A cláusula 10.3.C) do prego de condicións recolle que *“asignaráselle a máxima puntuación ás ofertas que presenten unha maior redución do tempo de entrega do subministro. O resto valorarase de forma proporcional”*

O prazo de entrega do subministro está establecido en tres meses polo que se valorará a redución que se realice do mencionado prazo.

A valoración deste apartado é a que segue:

EMPRESA	Prazo de entrega	Redución do tempo de entrega	PUNTUACIÓN
BYMAR PARK, SL	2 meses e medio	15 días	0,50
EQUINSA PARKING, SLU	1 mes	60 días	2,00
HORUS HARDWARE, SA	50 días lectivos	22 días	0,73
PARKARE GROUP, SL	6 semanas	48 días	1,60

1 mes son 22 días lectivos polo tanto a oferta de Horus Hardware, SA é de 68 días naturais

Redución do tempo de resolución de incidencias no aparcadoiro (ata 3 puntos)

A cláusula 10.3.D) establece que *“asignaráselle a máxima puntuación ás ofertas que presenten unha maior redución do tempo de resolución de incidencias. O resto valorarase de forma proporcional”*.

O tempo máximo de resposta en caso de incidencia está establecido na cláusula 6 do prego técnico onde se establece que o prazo máximo de reparación dunha incidencia é de 48 horas.

Neste apartado as empresas non presentan un tempo de resposta único, polo que deben analizarse os tempos de resposta que propoñen para a súa avaliación.

Bymar Park, SL establece o seguinte tempo de resposta:

- Se a incidencia se informa antes do mediodía, darase asistencia na mesma mañá quedando resolta a incidencia nun prazo máximo de 24 horas
- Se a incidencia se informa despois do mediodía, darase asistencia na mañá do día seguinte quedando resolta a incidencia nun prazo máximo de 24 horas

En base ao indicado, enténdese que Bymar Park, SL resolve as incidencias nun prazo máximo de 24 horas, mellorando o prazo máximo establecido no prego en 24 horas.

Equinsa Parking, SL comprométese a acudir en caso de aviso por avaría nas primeiras seis horas laborables dende a recepción do mesmo.

Horus Hardware, SL indica que o tempo establecido no prego é razoable para a resolución de incidencias polo que non presenta ningún tipo de mellora.

Parkare Group, SL sinala que as avarías urxentes serán atendidas e reparadas nun prazo máximo de 8 horas e as non urxentes en 12 horas, aínda que quedarían reparadas nun prazo máximo de 24 horas. Como o prego non distingue entre urxentes e non urxentes considérase que todas as avarías quedarán reparadas no prazo máximo de 24 horas.

En base ao indicado, a puntuación neste apartado é a seguinte:

EMPRESA	Redución do tempo de resolución de incidencias	PUNTUACIÓN
BYMAR PARK, SL	Redución de 24 horas	1,71
EQUINSA PARKING, SLU	Redución de 42 horas	3
HORUS HARDWARE, SA	Non presenta	0
PARKARE GROUP, SL	Redución de 24 horas	1,71

Redución do tempo de funcionamento manual do aparcadoiro durante a instalación (ata 1 punto)

A cláusula 10.3.E) do prego sinala que *“asignaráselle a máxima puntuación ás ofertas que presenten unha maior redución do tempo de funcionamento manual. O resto valorarase de forma proporcional”*.

A cláusula 9 do prego técnico indica que se considerará como tempo de funcionamento manual o período no que non estea operativo ningún dos sistemas.

Neste apartado as empresas indican o seguinte:

- **Bymar Park, SL** sinala que a súa marxe para poder realizar a desinstalación dos equipos antigos e colocar os novos é de 4 a 5 días en modo de funcionamento manual. Neste caso considérase o prazo máximo presentado de 5 días para a súa valoración.
- **Equinsa Parking, SL** indica que poden instalar e poñer en marca o sistema de forma correlativa sen que en ningún momento sexa necesario pasar a un modelo de traballo manual.
- **Horus Hardware, SA** propón, coma noutras instalacións realizadas por eles, a montaxe en paralelo á instalación existente, de forma que unha vez quede todo instalado se proceda ao cambio do sistema. Tamén propón realizar dita montaxe en horas nocturnas. En base ao indicado, considérase que non existe funcionamento manual porque fan a instalación en paralelo.
- **Parkare Group, SL** indica que durante todo o proceso os equipos actualmente instalados seguirán funcionando sen alterar o funcionamento dos dous aparcadoiros.

En base ao sinalado a puntuación obtida é a seguinte:

EMPRESA	Redución do tempo de funcionamento manual	PUNTUACIÓN
BYMAR PARK, SL	5 días	0
EQUINSA PARKING, SLU	0 días	1
HORUS HARDWARE, SA	0 días	1
PARKARE GROUP, SL	0 días	1

En base ao indicado, a puntuación do apartado de melloras é a seguinte:

EMPRESA	VALORACIÓN MÁXIMA	BYMAR PARK, SL	EQUINSA PARKING, SLU	HORUS HARDWARE, SA	PARKARE GROUP, SL
Incremento do tempo de garantía	8	8,00	0,00	0,00	8,00
Devolución moedas de 0,01	1	1,00	1,00	1,00	1,00
Redución do tempo de entrega	2	0,50	2,00	0,73	1,60
Redución do tempo de resolución de incidencias	3	1,71	3,00	0,00	1,71
Redución do tempo de funcionamento manual	1	0,00	1,00	1,00	1,00
TOTAL	15,00	11,21	7,00	2,73	13,31

En base ao exposto neste informe, a puntuación do sobre nº 3, relativa aos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes, queda da seguinte maneira:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	MELLORAS	TOTAL SOBRE 3
BYMAR PARK, SL	59,48	11,21	70,69
EQUINSA PARKING, SLU	65,00	7,00	72,00
HORUS HARDWARE, SA	37,28	2,73	40,01
PARKARE GROUP, SL	35,43	13,31	48,74

Tendo en conta o resultado global, a clasificación proposta, logo de sumar as puntuacións do sobre nº 2 e do sobre nº 3 (por orde decrecente), é a seguinte:

EMPRESA	PUNTAÇÃO SOBRE 2	PUNTAÇÃO SOBRE 3	PUNTAÇÃO TOTAL
EQUINSA PARKING, SLU	14,00	72,00	86,00
BYMAR PARK, SL	9,00	70,69	79,69
PARKARE GROUP, SL	14,00	48,74	62,74
HORUS HARDWARE, SA	6,00	40,01	46,01


Polo tanto, a xuízo de quen informa, a empresa **EQUINSA PARKING, SLU** é a que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa.

Para o caso de que a Mesa dea por ben motivado o presente informe, procederase de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións, aos efectos de que a empresa EQUINSA PARKING, SLU presente a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciba o requirimento do director xerente.

É canto teño a ben informar,

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018

O TÉCNICO DE APARCADOIROS E
 OUTRAS ACTIVIDADES DO TRANSPORTE,



Asdo./ Antonio Padín Tuimil